

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*RESOLUCIÓN do 19 de xaneiro de 2015 pola que se convoca un curso monográfico sobre o Estatuto básico do empregado público: reflexións, estado da cuestión e impacto da crise.*

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2015 e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, convócase un curso monográfico sobre *O Estatuto básico do empregado público: reflexións, estado da cuestión e impacto da crise*, conforme as seguintes bases:

##### 1. Obxectivos.

Transcorridos case oito anos desde a entrada en vigor do Estatuto básico do empregado público, o obxectivo deste curso é analizar a problemática xurdida a raíz da súa implantación, así como do seu desenvolvemento e aplicación ao longo destes anos, facendo fincapé naquelas cuestións que, pola súa complexidade ou polas dúbidas na súa interpretación, merecen ser obxecto de debate e reflexión ao longo do curso, no cal participarán relatores de recoñecido prestixio, que coas súas explicacións nos permitirán ter unha idea máis clara da situación actual.

##### 2. Contidos.

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

- Ética e emprego público en tempos de incerteza.
- Ingreso do persoal laboral nas administracións públicas.
- A mobilidade xeográfica no emprego público.
- A extinción colectiva: marco legal, marco regulamentario e xurisprudencia.
- Reformas recentes pola crise e control do gasto público: impacto na xornada e nas prestacións sociais complementarias dos empregados públicos.
- Os traballadores indefinidos non fixos ao servizo das administracións públicas: unha anomalía xurisprudencial e legal.



### 3. Destinatarios.

Persoal ao servizo das administracións públicas, estatal, autonómica ou local, así como dos seus entes instrumentais, persoal ao servizo da Administración de xustiza, xuristas, profesionais, docentes, universitarios e interesados en xeral.

### 4. Desenvolvemento.

Lugar: EGAP, rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Datas: 26 e 27 de febreiro de 2015.

Horario: 26 de febreiro, mañá e tarde; 27 de febreiro, mañá.

Duración: 12 horas lectivas.

### 5. Número de prazas.

Limitado pola capacidade do local.

### 6. Inscripción.

As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición a través da área de matrícula da web da EGAP: <https://egap.xunta.es/matricula/>

O prazo para inscribirse estará aberto desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata o 24 de febreiro de 2015.

Poderá obterse calquera outra información, das 8.30 ás 14.30 horas, nos teléfonos: 981 54 62 41 - 981 54 62 39.

### 7. Modificacións.

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento deste curso, así como a facultade de cancelalo se o escaso número de solicitudes non xustifica a súa realización.

### 8. Certificado de asistencia oficial.

Ao final do curso entregarase un certificado de asistencia a aquelas persoas inscritas que participasen asiduamente e sempre que a súa asistencia fose igual ou superior ao



90 % das horas lectivas programadas. Neste documento aparecerán, de forma expresa, o contido, a carga lectiva, a data, o lugar de realización deste curso e o selo oficial da institución.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2015

Sonia Rodríguez-Campos González  
Directora da Escola Galega de Administración Pública

CVE-DOG: zbsfo365-eim1-am83-rfd9-j4kw66qwp764

